

## **CURSO 2014-2015**

### **FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN**



# Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

(Informe de resultados anual do centro)

## **Titulacións do Centro**

Graos: Educación Infantil; Educación Primaria; Educación Social; Traballo Social

Mestrados:

Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos;

Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos;

Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato,  
Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas<sup>1</sup>

---

**Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade  
e Aprobado na Xunta de Centro**

Ourense, día 3 de decembro de 2015



---

<sup>1</sup> O Seguimento deste Título, que é impartido nos 3 campus da Uvigo (Facultade de Bioloxía, Campus de Vigo; Facultade de CC. da Educación, Campus de Ourense; e Facultade de CC. da Educación e do Deporte, Campus de Pontevedra) corre a cargo da Facultade de Bioloxía de Vigo, por ser o Centro responsable do Mestrado.

## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b>	4
<b>I. ANTECEDENTES</b>	4
1.1. Procedemento para a elaboración do Informe	4
1.2. Estado xeral da situación do sistema de garantía /xestión de calidade	5
1.3. Cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento en materia de calidade	6
1.4. Estado da documentación de calidade	7
1.5. Rexistros de calidade: situación xeral	8
<b>II. DATOS E REVISIÓN DOS RESULTADOS</b>	9
2.1. Plans actuais de accións de mellora e grao de cumprimento dos anteriores	9
2.1.1. <i>Títulos de Grao</i>	10
• Grao en E. Infantil e Grao en E. Primaria	10
• Grao en E. Social	11
• Grao en Traballo Social	12
2.1.2. <i>Títulos de Mestrado</i>	14
• Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	14
• Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	14
• Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.	15
2.2. Política e obxectivos de calidade do Centro	16
2.2.1. <i>Estado da política de calidade</i>	16
2.2.2. <i>Obxectivos de calidade: Revisión se procede</i>	16
2.2.3. <i>Estado dos obxectivos de calidade: Grao de cumprimento das metas</i>	17
• Títulos de Grao	18

- Grao en E. Infantil	18
- Grao en E. Primaria	22
- Grao en E. Social	27
- Grao en Traballo Social	32
• Títulos de Mestrado	36
- Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	36
- Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	42
- Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	47
2.3. Indicadores de resultados dos procesos e dos programas de calidade	51
• Títulos de Grao	51
- Grao en E. Infantil	51
- Grao en E. Primaria	53
- Grao en E. Social	56
- Grao en Traballo Social	58
• Títulos de Mestrado	61
- Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	61
- Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	63
- Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	66
2.4. Resultados de avaliacións/auditorías internas e externas e estado das accións correctivas/de mellora	68
2.5. Retroalimentación dos grupos de interese: queixas, suxestións e parabéns	69
<b>III. ACCIÓNS DE MELLORA DO SGIC / XESTIÓN DE CALIDADE</b>	<b>71</b>
<b>IV. CONCLUSIÓNS</b>	<b>73</b>

## **INTRODUCCIÓN**

Na abordaxe do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección seguiuise basicamente a estrutura proporcionada pola Área de Docencia e Calidade, con todo fíxose algunha adaptación, principalmente na organización interna, atendendo a idiosincrasia e “sentido de ser” da Facultade de CC. da Educación. Estes pormenores xa se poñen de manifesto no índice de contido. Os aspectos nucleares que se contemplaron para o desenvolvemento do documento foron os seguintes.

### Introdución

#### I. Antecedentes

#### II. Datos e revisión dos resultados

#### III. Accións de mellora do sistema de garantía / xestión de calidade

#### IV. Conclusións

Este Informe anual do Centro recolle información valiosa e é un referente a ter en consideración de cara á mellora do SGIC, e en xeral para a actividade a desenvolver na Facultade, tanto neste coma en próximos cursos académicos. O decanato e os membros da CGIC son plenamente conscientes da repercusión que o abordado ten para poder acadar a renovación da Acreditación dos títulos dos Centro, por elo non cesan no empeño de tratar de cumprir as esixencias e sobre todo de mellorar a actividade da Facultade continuamente.

## **I. ANTECEDENTES**

### **1.1. Procedemento para a elaboración do Informe**

O equipo decanal do centro, liderado pola vicedecana de Calidade e Innovación Educativa, mantivo diferentes xuntanzas para delimitar e abordar o contido relativo ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, asociado ao curso académico 2014-2015. O groso do contido deste documento elaborouse de forma colaborativa resultando de grande utilidade diferentes ferramentas da “nube”. Nel implicáronse o equipo decanal do centro, os-as coordinadores-as de títulos (Graos e Mestrados), os-as docentes de apoio á calidade, sendo coordinada a distribución do traballo e a súa dinamización pola vicedecana de calidade co asesoramento e axuda puntual do persoal da Área de Apoio á Docencia e Calidade. Posteriormente, previo debate, análise e suxestións de mellora foi modificado e completado polos membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Facultade que o validou por asentimento e a Xunta de Centro o aprobouno tamén, por asentimento, o día 3 de decembro de 2015.

Polo xa referido, a Comisión de Garantía Interna de Calidade (CGIC) exerceu unha responsabilidade directa sobre a versión final do Informe debatendo e analizando o seu contido, reflexionando sobre o transfondo a partir dos datos reflectidos nos Seguímentos dos títulos (de Graos e Mestrados), correspondentes ao curso 2014-15, revisouse e matizouse, na referida sesión, a Política e Obxectivos de Calidade do Centro. As

persoas asistentes a sesión do día 3 de decembro de 2015, atendendo as súas respectivas responsabilidades e formando todas elas parte da CGIC, foron as presentadas seguidamente:

## RESPONSABILIDADE

## PERSOAS IMPLIADAS

### EQUIPO DECANAL

Decana: M<sup>a</sup> del Mar García Señorán  
Vicedecanos/as: Ramón Ángel Fernández Sobrino  
M<sup>a</sup> del Pino Díaz Pereira  
Xosé Manuel Cid Fernández  
María Carmen Ricoy Lorenzo  
Secretario: Antonio González Fernández

### COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Presidenta: M<sup>a</sup> del Mar García Señorán  
Secretaria: M<sup>a</sup> Carmen Ricoy Lorenzo

### PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

Coordinador do Grao en E. Social: Xosé Manuel Cid Fernández  
Coordinadora do Grao de Primaria e Mestrado de Dificultades: Ángeles Conde Rodríguez  
Coordinadora do Grao en E. Infantil e Mestrado de Diversidade: Pino Díaz Pereira  
Apoio a Calidade: Antonio González Fernández  
Apoio a Calidade: Yolanda Rodríguez Castro  
En Apoio a Calidade: Fernando Tellado González  
Coordinadora do Grao T. Social: Carmen Verde Diego

**PAS:** M<sup>a</sup> Carmen Da Costa Barros

## 1.2. Estado xeral da situación do sistema de garantía / xestión de calidade

Seguindo as directrices marcadas pola Universidade de Vigo desde a Área de Apoio á Docencia e Calidade desde o curso 208/09 ven desenvolvéndose na Facultade o proceso de implantación e implementación dos procedementos de calidade. Para elo o persoal do Centro, e en particular o PDI leva realizado un gran esforzo co obxecto de dar resposta ás esixencias marcadas polo SGIC.

No 2008 para responder ás normativas desenvolvidas a Facultade de Ciencias da Educación deu os seus primeiros pasos para a adaptación aos procedementos do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), co obxecto de implementalos no centro, no marco do programa FIDES-AUDIT.

O día 3 de xullo de 2008 constituíuse formalmente a Comisión de Garantía Interna de Calidade da Facultade para dar resposta ás esixencias do Sistema de Garantía Interno de Calidade. Os membros desta Comisión, nalgún caso, foron alterados atendendo os cargos/responsabilidades desempeñadas. En calquera caso, ao longo do seu percorrido, tódolos membros veñen realizando un esforzo substancial coa finalidade de mellorar a calidade do centro e a súa implicación é moi relevante. Cabe resaltar que neste momento a labor da CGIC esta a ser crucial na dinamización e abordaxe das múltiples tarefas, análises da situación do Centro, adaptación de procedementos, deseño de plans/propostas de accións de mellora e da súa implementación, etc.

Desde o ano 2010 (na 2ª convocatoria do deseño do programa FIDES-AUDIT) a Facultade de CC. da Educación ten certificado o deseño do SGIC ao ser validado positivamente, o 26 de abril, pola ACSUG.

Ao longo do percorrido hai que ter en conta que os Procedementos do SGIC non sempre resultan doados de adaptar á realidade do Centro e supoñen unha axigantada carga burocrática que non garante, alomenos en tódolos casos, un valor engadido á calidade organizativa e pedagóxica da Facultade de CC. da Educación. Con todo, nesta andaina o PAS e especialmente o PDI (ao ter que compaxinar o seu traballo docente e a investigación coa xestión administrativa) continúa a desenvolver unha enorme carga de traballo para seguir, sen apoio de persoal administrativo, as directrices que marca a Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade co obxecto de poder certificar o SGIC.

Coa finalidade de seguir as directrices determinadas pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade e asumir as metas propostas, no Centro xa se levan aprobado dous Manuais de Calidade e diversos Procedementos asociados ao SGIC desde o ano 2010 ata a actualidade, contando todo elo co visto bo correspondente. En consecuencia, no ano 2015 a Facultade aprobou outro novo Manual de Calidade, integrando tamén os novos procedementos do SGIC, para substituír os que indicou a Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade. Por elo, na actualidade o Centro está facendo uso, tanto do Manual coma dos Procedementos en vigor e unicamente ten pendente a actualización da composición da CGIC, que está previsto realizala proximamente.

### **1.3. Cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento da calidade**

No centro / ámbito de xestión (órganos de goberno, comisións, unidades ...). Na súa oferta formativa (titulacións) ou de servizos. Outros aspectos de interese

A Facultade de CC. da Educación conta cunha oferta ampla de títulos de Grao (Educación Infantil; Educación Primaria; Educación Social; Traballo Social) e Mestrado (Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos; Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos; e Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria) que, tendo en conta os escasos recursos humanos de que está dotado o Centro, esixe ao equipo decanal, PAS e PDI unha intensiva dedicación e descomunal esforzo. Así mesmo, é un centro moi dinámico que participa da vida da cidade de Ourense e da oferta extra-curricular derivada da coordinación coa Vicerreitoría de Campus, os seus servizos de atención psicopedagóxica, administrativos, de ocio, etc.

Sendo consciente os membros da CGIC do papel que xogan como promotores do deseño, implementación de acción de mellora, seguimento de diversos protocolos, etc. está a dinamizar o traballo organizativo e pedagóxico e en particular, baixo o asesoramento da Área de apoio a docencia e calidade, o de xestión administrativa desenvolto polos-as docentes a través das reunións periódicas que mantén, obtendo un coñecemento profundo sobre o desenvolvemento da vida do Centro que, cada vez, en maior medida, facilita o cumprimento/optimización das esixencias requiridas polo SGIC.

Asumido o interese e transcendencia que supón para a Acreditación dos títulos do Centro (Graos e Mestrados) a CGIC, trata en profundidade os distintos aspectos asociados ao SGIC. Ademais desta Comisión, na Facultade de CC. da Educación cóntase con outras comisións esenciais: Comisión Permanente (delegada da Xunta de

Centro), Comisións de titulacións (Graos) e Comisións Académicas (Mestrados). Con todo diferenciase (atendendo a súa tipoloxía e especificidade), que asuntos debe abordar cada unha delas. Neste sentido os cambios organizativos ou asuntos de carácter específico son obxecto, alomenos inicialmente, de reflexión e análise nas respectivas comisións dos títulos de Grao ou das comisións académicas de Mestrado, mentres que aqueles de tipo global e/ou que requiren da validación da CGIC ou da aprobación da Comisión Permanente (como delegada da Xunta de Centro) son examinados directamente ou en segunda fase por estas últimas.

Por outra parte, a partir do asesoramento facilitado pola Área de Apoio a Docencia e Calidade, desde o Equipo Decanal, aínda que non resulta doado, continúanse a realizar grandes esforzos para promover a implicación da totalidade da estrutura funcional en materia de calidade (Vicerreitoría de Campus, Xunta de Centro, Administradora de centro, subcomisións, etc.) na dinámica organizativa da Facultade. Cabe traer a colación (aínda que xa se ten comunicado de forma reiterada a institución) que, entre outros factores, esta estrutura funcional, sen acompañamento do apoio mínimo de persoal administrativo esgota a capacidade real do PDI que ten que desenvolver paralelamente o traballo directamente asociado coa súa faceta profesional (docencia e investigación). É preciso, en particular nun centro con 7 títulos, contar con apoio continuado de persoal de xestión administrativa para implantar axeitadamente o SGIC. A situación actual está a esgotar ao profesorado máis comprometido, que se involucra sen límite de horas e a custe 0, para sacar adiante o traballo do Centro.

#### **1.4. Estado da documentación de calidade**

Manual de calidade e procedementos: cambios desde a última revisión. Enlace o anexo 1 do Manual de calidade e «Listaxe de procedementos en vixencia»

No curso académico 2014-2015, esta Facultade seguindo as directrices da Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo despois de elaborar as adaptacións, reflexións e contextualización oportunas noutro novo Manual de Calidade e Procedementos (véxanse os seguintes enlaces: <http://goo.gl/PTSQ58>; <http://goo.gl/CXUWKQ>) realizou a súa validación pola CGIC o día 11/3/2015 e posteriormente a súa aprobación pola Xunta de Centro o 13/3/2015. En consecuencia, desde o Centro se asumen os retos que integra tanto ao novo Manual de Calidade como os novos Procedementos e a aplicación da política e obxectivos de calidade que derivan dos mesmos.

Como xa se adiantou, neste momento a Facultade de CC. da Educación conta con tódolos procedementos actualizados. O listado de procedementos en vigor no Centro atópanse exposto na seguinte dirección: <http://goo.gl/lgbjsN>; unicamente está pendente a actualización da composición da CGIC e a re-definición das funcións atendendo ás directrices vixentes, que se realizará en breve. O elevado volume de traballo que soporta a responsable de calidade e as/os docentes implicadas/os en cuestións de calidade, así como a falta de unha persoa estable de apoio administrativo é o que leva impedido que este último aspecto non estea aínda a punto.



## 1.5. Rexistros de calidade: situación xeral

Indíquese se se propoñen melloras ao funcionamento do procedemento XD-02 P1 «Control dos rexistros» (en relación coa metodoloxía, responsabilidades, arquivo...)

O Centro almacena, organiza e protexe o seu patrimonio documental, e en particular os rexistros relativos á calidade, cos medios ao seu alcance, tratando de garantir a xestión, organización, actualización continuada, tratamento e conservación documental, así coma a accesibilidade aos usuarios a través da información pública. Isto coa finalidade de ter a disposición dos grupos de interese a información/resultados de forma accesible e actualizada para responder ás necesidades, curiosidade ou expectativas das/os cidadáns. O acceso aos rexistros dos arquivos do Centro son públicos ou restrinxidos (con claves de acceso), atendendo á lexislación vixente, en función do tipo de información/evidencia e das persoas usuarias.

A pesar das dificultades e limitacións materiais e humanas atopadas a Facultade custodia os rexistros de calidade en formato impreso e maioritariamente en dixital (en discos duros, na nube –en plataformas de acceso gratuíto-, páxinas web do Centro con acceso aberto e restrinxido, plataforma do SGIC para os Seguímentos de títulos e procesos de avaliación/acreditación, etc.). Os rexistros asociados ao SGIC e a outro tipo de procesos de xestión administrativa e académica relevantes son arquivados na secretaria do decanato, plataforma do SGIC, servizos de administración do centro, do equipo decanal, rexistros xerais da Universidade, ACSUG, etc. Nestes arquivos recóllese evidencia que contribúen a garantir o sistema de xestión burocrática que promoven fundamentalmente as directrices asociadas ao SGIC.

Desde o Centro faise especial coidado na visibilización e actualización da información/resultados a través da páxina web da Facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>), na que se dedica un apartado específico á “Calidade” e nas web dos respectivos títulos de mestrados e programa de doutoramento (con enlaces as mesmas desde a web do Centro). A web da Facultade conta tamén con espazos de información e xestión de acceso restrinxido (baixo clave) para o profesorado e alumnado da Facultade, que permiten axilizar e sistematizar diferentes procedementos asociados coa xestión, organización académica e custodia de arquivos/evidencias.

Todos os rexistros que o Centro considera que deben estar visibles e accesibles están presentados de xeito organizado (atendendo ao seu interese temporal) na web da Facultade. En particular os asociados o SGIC posibilitan o coñecemento e o estado dos seu principais rexistros/evidencias a través do seguinte enlace: <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/#>

Cabe salientar que, en liñas xerais, o equipo decanal e os/as docentes implicados/as en funcións de coordinación do Centro, ante a inexistencia de persoal administrativo estable que se ocupe de apoiar ao SGIC, realizan un gran esforzo por seguir as directrices marcadas pola Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade. Por elo, desde o decanato, co obxecto de propor melloras ao funcionamento de procedementos para o control de rexistros/evidencias, tense comunicado a necesidade de contar con recursos humanos específicos de apoio para a xestión burocrático-administrativa esixida. Para elo a Universidade de Vigo debe de proporcionar, sen máis



dilatación, un apoio administrativo estable e os medios técnicos que garantan a optimización da organización e custodia dos arquivos.

Co interese de propoñer melloras ao funcionamento do procedemento XD-02 P1, sobre o control dos rexistros, e para a súa sistematización tamén se ten manifestado e solicitado desde a dirección do Centro a necesidade de contar con algunha plataforma, máis aló da habilitada para os Seguímentos e procesos de avaliación/acreditación, para o arquivo de evidencias asociadas coas directrices proporcionadas para a xestión docente burocrático-administrativa a levar a cabo. Con todo, por agora non se obtiveron os medios materiais idóneos. En consecuencia, desde a CGIC, o equipo decanal, coordinadores-as de títulos e docentes de apoio á calidade continúan empregando mecanismos mellorables para o arquivo das evidencias asociadas a coordinación do proceso de ensino-aprendizaxe (en particular a través da plataforma Faitic). Con limitacións, a ferramenta de Faitic permite ao profesorado archivar e organizar algúns materiais didácticos, probas de avaliación, rexistro de asistencia do alumnado, evidencias sobre tarefas de coordinación entre o profesorado das materias e alumnado e parte da comunicación establecida. Incidir en que, para mellorar o rexistro e custodia de todos estes aspectos, é preciso dispor de ferramentas dixitais máis potentes das ofrecidas pola Universidade ata o momento.

Cabe enfatizar que para implementar, nas condicións oportunas o SGIC e mellorar a calidade dos títulos, o Centro e o profesorado precisan de plataformas dixitais eficientes e recursos humanos de apoio normalizado. É imprescindible que a Universidade facilite, en maior medida, ferramentas dixitais potentes e áxiles para o rexistro cotiá das evidencias asociadas co proceso de ensino-aprendizaxe que posibilitarían de forma eficiente a sistematización burocrática para responder ás esixencias do SGIC.

## **II. DATOS E REVISIÓN DOS RESULTADOS**

### **2.1. Plans actuais de accións de mellora e grao de cumprimento dos anteriores**

Estado das accións do plan de mellora do centro / ámbito. Apórtase enlace ao plan de mellora do centro/ámbito actualizado da revisión anterior nas accións non pechadas.

Os novos plans das accións de mellora xorden, tanto como consecuencia da revisión e grao de cumprimento dos plans anteriores, coma da identificación das novas necesidades e/ou demandas dos usuarios e/ou da comunidade universitaria. As reflexións e debate mantido polos membros da CGIC inciden en focalizar os plans de mellora principalmente ao redor de accións directamente relacionadas coa CALIDADE do exercicio da función docente para redundar de xeito positivo no proceso de ensino-aprendizaxe e consolidar prácticas profesionais que motiven o verdadeiro sentido da calidade para os respectivos títulos.

No curso académico 2014-2015 os plans das accións de mellora están asociados aos respectivos Seguímentos de títulos ao mesmo que o estado de cumprimento das do/s curso/s anterior/es. Deste xeito tanto estas últimas coma as accións de mellora novas atópanse depositadas na plataforma de Seguímentos de títulos, e ademais fixéronse públicas na web do centro no apartado de “Calidade” atendendo ás distintas entradas para os respectivos títulos (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/#>).

Como se puxo de manifesto, na actualidade a Facultade de CC. da Educación conta con 4 títulos de Grao e tres Mestrados (un deles, como se indicou, centralizado na Facultade de Bioloxía do campus de Vigo). Atendendo ás súas respectivas especificidades indícanse, nos distintos subapígrafes, os enlaces tanto dos novos plans de mellora, asociadas o Seguimento do curso 2014-15, como o estado das accións do 2013-2014.

### *2.1.1. Títulos de Grao*

#### **• Grao en E. Infantil e Grao de E. Primaria**

Nos enlaces seguintes apórtanse os documentos co plan das accións de mellora e o estado das anteriores para o título de E. Infantil (<http://goo.gl/KxXs1w>) e o de E. Primaria (<http://goo.gl/lx7mtw>). Cabe salientar en relación cos plans de mellora dos cursos anteriores, tal como se pon de manifesto na reflexión/análise dos documentos aportados, nos que se recolle a trazabilidade das propostas, que practicamente a totalidade das realizadas foron xa implementadas, coa salvedade daquelas cuxa consecución non depende das accións ou recursos a disposición da Facultade de CC. da Educación (e.x. estudo da empregabilidade dos-as egresados-as e os recursos humanos para apoio administrativo).

De seguido preséntase unha análise sobre aspectos máis relevantes a ter en consideración.

#### **Melloras asociadas directamente coa docencia**

Como medio para a implementación de boas prácticas docentes plantéanse as seguintes accións:

- Discusión e proposta de mellora do procedemento de asignación de titores-as de TFG.
- Mellora do sistema de rúbrica para a avaliación do Prácticum.
- Identificación, descrición e tipificación do estilo docente nos títulos e impacto sobre a motivación, compromiso e expectativas profesionais do alumnado de infantil e primaria.
- Análise de variables predictoras de rendemento académico no TFG dos Graos dos Maxisterios.
- Articulación do laboratorio de protocolos e instrumentos para a avaliación do desenvolvemento psicomotor.

#### **Melloras asociadas con recursos materiais e a repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe**

A calidade docente depende en certa medida da dispoñibilidade de recursos e espazos axeitados para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe. Por elo, a mellora dos mesmo debe ser unha constante. Neste sentido as propostas planteadas focalízanse na.

- Adquisición de tecnoloxías punteiras para mellorar o proceso de ensino.
- Obtención/identificación/uso de tecnoloxía punta para facilitar a coordinación docente e a xestión administrativa.

- Ampliación dos puntos de conexión eléctrica das aulas para a integración de dispositivos móbiles no proceso de aprendizaxe.
- Renovación de equipos informáticos de Laboratorio (aula NNNTT) para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Articulación/re-deseño dun espazo para almacenamento de materiais de intervención didáctica.

### Melloras vinculadas cos procesos de xestión e coordinación inter-campus

Conscientes da necesaria coordinación entre os tres centros que imparten os títulos de Maxisterio na UVigo, se pretenden reforzar diferentes aspectos que incidan positivamente na colaboración entre os mesmos, salvagardando en todo caso a idiosincrasia de cada un deles. Neste sentido trazáronse as seguintes accións:

- Estudo e implementación da equiparación do proceso de recoñecemento de créditos nos 3 centros para o alumnado específico do Grao de E. Infantil.
- Potenciación de medidas de coordinación inter-centros para desenvolver de forma efectiva a coordinación entre o profesorado nas mesmas materias, co obxecto de elaborar de xeito consensuado as guías docentes seguindo as directrices da Memoria Verifica do Título.
- Identificación/Corrección de erros detectados na Memoria Verifica, especificamente no Grao de E. Infantil.

#### • **Grao en E. Social**

No enlace seguinte apórtase o documento co novo plan das accións de mellora e o estado das anteriores para o título de E. Social: <http://goo.gl/T2F1RF> . Asimesmo, cabe sinalar que no Grao en E. Social as accións de mellora propostas no seguimento de título do curso académico 2013-14 (a realizar no 2014-15 e seguintes) están desenvoltas na súa maior parte. Con todo, as que está custando máis implementar son as asociadas cos recursos humanos no ámbito da coordinación e as dirixidas a visibilización e consolidación do título no ámbito profesional. Por elo, nas proposta dos plans de mellora do seguimento do curso 2014-15 se continua a incidir nesas últimas, ademais de incorporar outras como consecuencia da detección de novas necesidades e expectativas.

As accións do plan de mellora, no seguimento de título do curso 2014-2015, diríxense a avanzar prioritariamente na optimización dos obxectivos de indicadores ligados aos recursos humanos, materiais e servizos: como o incremento e mellora do mantemento dos recursos tecnolóxicos nas aulas para acrecentar a súa inclusión no proceso de ensino-aprendizaxe, o reforzo das liñas de colaboración co colexio de educadores e educadoras sociais e con profesionais para favorecer a consolidación do título na contorna laboral, a organización e desenvolvemento (cabe mencionar as dirixidas ao fomento da coordinación do profesorado na elaboración de Guías Docentes, Prácticum, Dirección e defensa de TFG), e satisfacción e rendemento (coma a vinculada coa detección das causas de abandono e o retraso na finalización dos estudos).

En relación cos recursos tecnolóxicos, convén indicar que é unha acción conxunta da Facultade para, na medida do posible, contar con aulas equipadas coa máis moderna tecnoloxía na que podan rotar os diferentes cursos dos respectivos Títulos. Asimesmo, nas restantes aulas tratarase de ir atendendo as demandas do alumnado e profesorado, especialmente no relativo a poder cargar as baterías dos dispositivos móbiles e conectarse a rede coa maior calidade de sinal posible.

Outra das liñas fundamentais de actuación é a de promover a colaboración co CEESG, tanto para a formación complementaria, como para a mellora da proxección social e empregabilidade. Neste cometido apoiase ao Punto de Información colexial (PIC) como principal vínculo de conexión entre a Facultade e o colectivo profesional. Ademais organízanse diversas actividades formativas ao longo do curso e procúrase o asesoramento do CEESG na organización do Prácticum da titulación, así como outras colaboracións entre as que cabe salientar os premios do Traballo Fin de Grado, os premios “Toni Juliá”, os grupos de traballo en temas relativos a ética profesional, ao traballo con menores, educación non sexista ou educación social e escola, entre outros. Outra das accións de mellora relacionadas coa proxección social é a implicación do alumnado de últimos cursos ou recién titulado na presentación da titulación en Centros de Educación Secundaria.

No plano didáctico, unha das preocupacións permanentes e a coordinación entre o profesorado para atender aos diversos procesos de ensino-aprendizaxe, en especial aqueles que máis demanda presentan polo estudantado: atención ao alumnado que se incorpora tardiamente no primeiro curso, coordinación de elaboración de guías docentes, organización e distribución temporal da carga docente das distintas materias de cada cuatrimestre, xestión do prácticum e do TFG e apertura de novos convenios de intercambio particularmente con Latinoamérica. En relación con esta mesma temática considérase importante a incorporación de Graduados/as en Educación Social ao proceso de formación investigadora coa correspondente repercusión na docencia a través de bolsas predoutorais, postdoutorais ou axudantías.

No relativo ao tempo de finalización dos estudos considérase que a realización do TFG é un dos principais atrancos polo que, no plano de titorización en cuarto curso, unha das prioridades será analizar as causas do retraso na elaboración do TFG e a proposta de actuacións que leven a mellorar a taxa na finalización do mesmo dentro dos catro anos da Titulación.

#### • Grao en T. Social

No seguinte enlace apórtanse o novo plan das accións de mellora e o estado das anteriores para o título de T. Social: [goo.gl/vD3AnP](http://goo.gl/vD3AnP). A modo de análise cabe indicar que no Grao en Traballo Social, as accións de mellora propostas para o seguimento do curso 2013-2014 (a realizar no 2014-2015) están en boa medida realizadas (3) e algunhas encóntrase parcialmente desenvoltas (5). Destas últimas, 4 continuarán como propósitos para o presente curso con outras tantas accións de mellora, pois os obxectivos específicos formulados para elas aínda non foron acadados totalmente. Estas accións de mellora diríxense a abordar os principais problemas ou necesidades que se presentan no título, relativos a:

- Inclusión na web dun listado de profesores que imparten docencia no Grao Traballo Social (proposta nº 2), como continuación á información que xa está na web da Facultade sobre cada docente, co obxecto de mellorar a consulta pública.

- Consulta a empregadores-as, asociacións e egresados-as (proposta nº 3), na medida das posibilidades do Centro. Decidiuse continuar, dentro das posibilidades, coa consulta a empregadores-as, asociacións e egresados-as, pois a información da que se dispón ao respecto é claramente mellorable. Con todo, hai que traer a colación os escasos medios dos que dispón o Centro para levar a cabo este tipo de acción, ao non contar con apoio administrativo.

- Formulación de accións de axuda ao alumnado de primeiro que se incorpora máis tarde (proposta nº 4). Debido a reducida matrícula que se produce en 1º curso co alumnado que supera en xuño as PAAU ou os Ciclos Formativos prodúcese unha incorporación escalada. Unha gran parte dos-as estudantes que se matriculan en 1º curso de Traballo Social procede dos que superan as PAAU en setembro, co que a súa incorporación ás aulas prodúcese ao longo da segunda quincena deste mes ou en outubro. Por incorporarse cando xa vai avanzado o curso, estes estudantes encóntranse con dificultades adicionais nas materias do 1º cuatrimestre. Para tentar darlle algunha solución a este problema, púxose en marcha a acción de mellora nº 4, denominada: “Formular accións de axuda ao alumnado de primeiro que se incorpora tarde”. Tamén se propón a acción de mellora nº 1 (que esta relacionada coa anterior) continuando cunha iniciativa posta en marcha por algúns docentes do Grao o curso pasado e en resposta á suxestión dos avaliadores do anterior Seguimento de título, denominada: “Uso de redes sociais como fórmula promocional para darlle visibilidade ao título”.

- Incremento da porcentaxe de alumnado que elabore e presente o TFG en primeira e segunda convocatoria (proposta nº 5). Cabe incidir que ao longo dos 3 anos en que se presentou o TFG no Grao de T. Social como parte das asignaturas de 4º curso, houbo unha proporción relativamente baixa de estudantes que o defenderon. Isto dá lugar a unha “bolsa” cada vez maior de alumnado que está pendente de presentar o seu TFG e de rematar os seus estudos. Nun intento de rebaixar este remanente de alumnado que non presenta o TFG, formulouse a acción de mellora nº 5: “Incrementar a porcentaxe de alumnado que elabora e presenta o TFG en primeira e segunda convocatoria”.

Hai que traer a colación que respecto ao total de profesorado, o número de docentes a tempo completo neste Grao é bastante reducido. Esta circunstancia dá lugar a que sexan poucos os docentes que deben facer fronte a certas obrigas da titulación como, poden ser, a de dirixir TFG ou formar parte dos tribunais de TFG. Isto ocasiónalle unha gran sobrecarga ao profesorado a tempo completo. Posto que a contratación de profesorado e a asignación de materias a docentes son funcións dos departamentos (non da Xunta de Titulación nin da Facultade), para tratar de solucionar nalgunha medida esta situación formulouse a acción de mellora nº 6, que está directamente relacionada coa nº 5, denominada: “Solicitud, aos departamentos, de máis profesorado a tempo completo para a titulación”.



### 2.1.2. *Títulos de Mestrado*

#### • **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

Poden consultarse os documentos que sintetizan os plans de mellora para o curso 2014-2015 tanto na web do Mestrado: <http://goo.gl/4lbNE8> coma na web da Facultade: <http://goo.gl/5ijpCU>. Nestes espazos tamén se describe o estado en que se atopan as propostas realizadas en cursos anteriores. No plan de accións de melloras planificadas no Seguimento do título do curso 2014-2015 e posteriores poden diferenciarse dúas tipoloxías.

- Aquelas propostas dirixidas a buscar solucións para afrontar as principais necesidades e carencias detectadas no título.
- As accións que se derivan das recomendacións emitidas pola ACSUG no Informe de avaliación para a Renovación da Acreditación.

As accións principais formuladas no plan de mellora do Seguimento do curso 2014-2015 se focalizaron ao redor das seguintes: mellora da participación nas enquisas de satisfacción; dinamización e fomento da participación na CGIC; mellora na implantación do SGIC; mellora do sistemas de coordinación docente; modificación da Memoria Verifica para axustala ao funcionamento actual da titulación; substitución de equipos informáticos obsoletos; e realización de actividades de orientación académica e laboral). Outras accións que se tiñan proposto atópanse realizadas ou acadadas parcialmente: actualización e aprobación dos procedementos do SGIC; mellora do funcionamento da plataforma DocNet; axuste das investigacións do Mestrado ás necesidades dos centros educativos; mellora do acceso á información do Mestrado en todas as webs da Universidade de Vigo. Cabe incidir que queda pendente de resolución, na súa totalidade, o aumento de apoio para a xestión administrativa do Mestrado, que se cursará formalmente e por escrito a petición a Xerencia.

#### • **Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos**

Cabe resaltar que as accións presentadas no Seguimento de título do curso 2014-2015, derivadas do proceso de Acreditación, focalízanse principalmente nas:

- Referidas a desaxustes entre a última Memoria Verifica e as Guías Docentes das materias, así coma as propostas relacionadas co SGIC (novas propostas).
- Coordinación entre o profesorado e as melloras vinculadas co sistema e taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do título (realizada parcialmente).
- Incremento da taxa de satisfacción dos estudantes coas accións de orientación (pendente).

Globalmente o grao de cumprimento das accións anteriores é moi elevado, aínda que excepcionalmente nalgún caso non foi posible, polo de agora. Ao respecto véxanse os documentos co plan das accións de mellora e o estado das anteriores:



<http://goo.gl/KHUSMh>. Asimesmo con relación as accións de mellora dos cursos anteriores realizouse unha análise en profundidade da que se aporta un histórico co estado das mesmas (<http://goo.gl/WPS65k>).

**• Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas**

Atendendo as necesidades do Título, as accións reflectidas no plan de mellora que se expuxeron no informe de seguimento do curso académico 2014-2015 se centran nos seguintes aspectos:

**Prácticas externas**

- Nomeamento dun coordinador ou coordinadora académico de prácticas externas, que se encargue da xestión das mesas e sirva como enlace e contacto entre o alumnado e os centros de prácticas.
- Valoración e análise para considerar a ampliación das horas de prácticas externas do alumnado nas institucións, xa que esta materia é a mais valorada, e no Informe de Avaliación de Renovación da Acreditación recoméndase a ampliación da estancia nos centros externos.
- Deseño dunha enquisa para a valoración de titores e titoras de prácticas, xa que será moi útil coñecer os pormenores asociados as mesmas.

**Alumnado egresado**

- Dende a Comisión Académica (CA) estudarase a posibilidade de crear unha comunidade de egresados e egresadas para obter información sobre como se aplicaron os coñecementos adquiridos no Mestrado a vida profesional do alumnado. Isto serviría ademais coma unha fonte para a mellora da titulación.
- A CA estudará o xeito de obter información sobre inserción laboral dos egresados e egresadas, a través dunha enquisa, pois o alumnado desvincúlase totalmente da titulación unha vez rematada o que impide ese coñecemento..

**Grupo de FP no módulo común**

Dadas as problemáticas manifestadas polo alumnado con expectativas de prepararse para traballar no ensino da Formación Profesional, tratarase de créase un grupo que englobe nas materias do módulo común aos interesados-as, onde se profundice en maior medida en contidos asociados con esta modalidade.

**Coordinación profesorado**

Dende a CA nomearase un coordinador/a de profesorado para o módulo común, e tamén coordinadores-as de materia. Isto co obxecto de mellorar a coordinación entre o profesorado e dinamizar as reunión para non duplicar contidos e establecer criterios de base de tipo xeral (obrigas de asistencia, tipo de probas, etc.).

## Seminarios con profesionais

Dende a CA organizaranse seminarios relacionados coa experiencia profesional e tamén que completen os contidos transversais impartidos nas materias, como por exemplo os asociados coa oratoria e para o coidado da voz de cara a impartición da docencia en secundaria.

## Índice de satisfacción e participación nas enquisas

- Revisaranse os índices de satisfacción do profesorado e alumnado coa titulación, xa que os resultados son mellorables, en especial con estes últimos.
- O índice de participación tanto do alumnado coma do profesorado nas enquisas de satisfacción é moi baixo. Dende a CA promoveranse unha serie de accións para que mellore: Enviando información por correo electrónico ao alumnado e profesorado e indicando as datas para realizalas.

## 2.2. Política e obxectivos de calidade do Centro

A política e os obxectivos de calidade da Facultade de CC. da Educación defínense no Manual de Calidade (Índice 04), anexo IV, sendo validados o día 11/3/2015 pola Comisión de Garantía Interna de Calidade e aprobados pola Xunta de Centro o 13/3/2015. Esta política fixou estratexias específicas para determinar os obxectivos de calidade e as correspondentes metas dirixidas a acadar as accións que posibiliten a mellora da actividade do centro. Mentres non se reciban novas directrices da Área de Apoio a Docencia e Calidade, nin se detecten outras necesidades no Centro manterase en esencia a política e obxectivos aprobados no curso 2014-2015. De feito, da revisión realizada despréndese a necesidade de incorporar pequenos matices sobre algunha das “Metas” establecidas, fundamentalmente provocados por cambios externos, non centralizados polo Centro, entre eles os asociados coas escalas de valoración de resultados que estando fixada inicialmente para 7 puntos definíronna recentemente cunha de 5 puntos. Outros cambios aplicados son consecuencia da superación ou non dalgunha meta requirindo pequenos reajustes á alza/baixa os xa determinados.

### 2.2.1. Estado da política de calidade

A referida política de calidade da Facultade de CC. da Educación, una vez revisada en profundidade pola CGIC continúaase considerando adecuada á que se establecera no curso 2014-2015. No seguinte enlace pode accederse a política de calidade en vigor do centro: <http://goo.gl/3LBBFd>

### 2.2.2. Obxectivos de calidade: Revisión se procede

Xúntense os obxectivos de calidade en vigor, así como os resultados do seu seguimento. Recoméndase precisar a contribución de cada titulación/unidade á consecución dos obxectivos.

Os obxectivos de calidade do Centro, unha vez revisados pola CGIC, como se adiantou, para o curso académico 2015-2016 e seguintes, en esencia mantéñense os do anterior período 2014-2015. Só se engadiron pequenos matices, en particular asociados co grao

de consecución das metas e adaptacións esixidas cos cambios realizados polos servizos centralizados de tratamento dos datos (modificacións de escalas de enquisas, substituíndo o rango de 1 a 7 polo de 1 a 5), que son alleos á dinámica do centro; asimesmo aproximouse, a alza ou baixa, a cuantificación dalgunha meta en base a tendencia observada nos resultados analizados. Os obxectivos de calidade da Facultade, para o curso académico 2015-2016 e seguintes poden atoparse no seguinte enlace: <http://goo.gl/gaVdO3>

Desde unha reflexión/análise pormenorizado de seguido detállase o nivel de cumprimento das metas, no curso académico 2014-2015, e as posibles causas que provocan os resultados obtidos nos respectivos títulos de Grao e Mestrado do Centro.

### *2.2.3.Estado dos obxectivos de calidade: Grao de cumprimento das Metas*

De seguido se da conta do nivel de adquisición no que se encontran as Metas que se estableceran globalmente polo centro para os respectivos obxectivos de calidade, e realízase ademais unha análise en profundidade en función do Título de Grao e Mestrado correspondente. Neste sentido dáse conta do estado no que se encontra o cumprimento das metas para cada obxectivos de calidade nesta orde:

#### ▶ Títulos de Grao

- Grao en Educación Infantil
- Grao en Educación Primaria
- Grao en Educación Social
- Grao en Traballo Social

#### ▶ Títulos de Mestrado

- Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
- Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

• **Títulos de Grao****Grao en Educación Infantil**

<i>Procedementos</i>	<i>Obxectivos</i>	<i>Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)</i>	<i>Meta Seguimento 2013-14</i>	<i>Resultados curso2014-15</i>	<i>Reflexión/Análise</i>																														
<b>C- Xestión académica</b> PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes <b>DO- Docencia</b> DO-202 Promoción das titulacións	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	Graos $\leq$ 75; Máster $\leq$ 20	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso Académico</th> <th>Indicadores</th> <th>Matrícula</th> <th>Nuevo Ingreso</th> <th>Preinscripción</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2010/2011</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>82</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>80</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>80</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>81</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>86</td> </tr> </tbody> </table>	Curso Académico	Indicadores	Matrícula	Nuevo Ingreso	Preinscripción	2010/2011				82	2011/2012				80	2012/2013				80	2013/2014				81	2014/2015				86	O resultados de matrícula confirman a importante demanda social do título. Desde o seu ano de implantación o Grao de Infantil cubriu a totalidade de prazas ofertadas (75) superando a meta establecida en tódolos cursos de pervivencia do título.No 2014-15 incrementouse por encima dos anteriores (86).
		Curso Académico	Indicadores	Matrícula	Nuevo Ingreso	Preinscripción																													
	2010/2011				82																														
	2011/2012				80																														
2012/2013				80																															
2013/2014				81																															
2014/2015				86																															
Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido.	Ocupación da titulación	$\leq$ 75	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso Académico</th> <th>Indicadores</th> <th>% Ocupación</th> <th>%</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2010/2011</td> <td></td> <td>109,33%</td> <td></td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td></td> <td>106,67%</td> <td></td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td></td> <td>106,67%</td> <td></td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td></td> <td>108,00%</td> <td></td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td></td> <td>114,67%</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>	Curso Académico	Indicadores	% Ocupación	%	2010/2011		109,33%		2011/2012		106,67%		2012/2013		106,67%		2013/2014		108,00%		2014/2015		114,67%		A porcentaxe de ocupación do título é moi satisfactoria, alcanzando un 114,67% no curso 14-15. Os resultados obtidos sitúanse por encima da meta global do Centro.							
	Curso Académico	Indicadores	% Ocupación	%																															
2010/2011		109,33%																																	
2011/2012		106,67%																																	
2012/2013		106,67%																																	
2013/2014		108,00%																																	
2014/2015		114,67%																																	
Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas. Difundir a oferta formativa.	Preferencia	$\leq$ 75	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso Académico</th> <th>Indicadores</th> <th>% Ocupación</th> <th>% Preferencia</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2010/2011</td> <td></td> <td>109,33%</td> <td>102,67%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td></td> <td>106,67%</td> <td>136,00%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td></td> <td>106,67%</td> <td>142,67%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td></td> <td>108,00%</td> <td>134,67%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td></td> <td>114,67%</td> <td>126,67%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso Académico	Indicadores	% Ocupación	% Preferencia	2010/2011		109,33%	102,67%	2011/2012		106,67%	136,00%	2012/2013		106,67%	142,67%	2013/2014		108,00%	134,67%	2014/2015		114,67%	126,67%	É moi satisfactoria (126,67%). Sitúase por encima da meta global del Centro.							
	Curso Académico	Indicadores	% Ocupación	% Preferencia																															
2010/2011		109,33%	102,67%																																
2011/2012		106,67%	136,00%																																
2012/2013		106,67%	142,67%																																
2013/2014		108,00%	134,67%																																
2014/2015		114,67%	126,67%																																
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultado 2014-15</b>
Grao de satisfacción do Estudantado	I02-MC	2,96
Grao de satisfacción do Profesorado	I03-MC	4,09
Grao de satisfacción das Persoas tituladas	I04-MC	s/r
<b>Procesos Chave</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultado 2014-15</b>
Nota media de acceso do estudantado ás titulacións	I01-AC (CRUE 04, CRUE 05)	6,39
Ocupación da titulación	I02-AC (III.PRE 8)	81,33%
Preferencia da titulación	I03-AC (III.PRE 9)	86,67%
Adecuación da titulación	I03-AC (III.PRE 10)	83,61

Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico	I04-AC	61 (relativamente estable)
Seguimento das titulacións	I01-DO	Resultado do 2014-15: "Conforme"
Acreditación das titulacións	I02-DO	Prevista 2016-17
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado	I03-DO (VAD IIC)	21,57%
Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado	I04-DO (antes: Indicador 76)	3,73
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino:Estudantado	I05-DO (antes: Indicador 74)	3,11
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Profesorado	I06-DO (antes: Indicador 78)	4,13
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Persoas tituladas	I07-DO	s/r
Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	I08-DO	s/r
Alumnado de intercambio	I09-DO (ISUG 12, CRUE 06)	s/r
Duración media dos estudos	I10-DO (II.RTO.12)	Home: 4,43 Muller: 4,29
Taxa de rendemento	I11-DO (II.RTO.3)	82,53%
Taxa de abandono	I12-DO (II.RTO.6)	8,75% no 2011-12; 14,95% no 2012-13 Últimos 2 curso = 0%
Taxa de eficiencia	I13-DO (II.RTO.13)	94,26%
Taxa de graduación	I14-DO (II.RTO.10)	2010-11- 2014-15=66,22%
Taxa de éxito	I15-DO (II.RTO.4)	91,40%
Tempo medio para encontrar emprego	I16-DO (ISUG 02)	s/r
<b>Procesos Soporte</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultado 2014-15</b>
% de PAS en programas de formación	I01-PE (ISUG 16)	86%
Cualificación do PDI	I02-PE (ISUG 03, IV.PDI.2)	Maioría de profesorado eventual (19) e poucos doutores-as.
Resultados de investigación de carácter académico	I03-PE (ISUG 08, IV.PDI.9)	O profesorado do Título conta con poucos sexenios e hai moi poucos en plantel.

Como paso previo ao inicio da análise máis detallada dos distintos Procesos, convén facer constar que nalgúns indicadores non dispomos de resultados, ou os facilitados de forma centralizada non son suficientes. Esta situación non é responsabilidade do Centro, que tampouco conta cos recursos humanos suficientes para obtelos. Feita esta matización, a continuación analízanse os resultados obtidos, parándonos con máis detalle naqueles que non consegue o esperado en maior medida.

No que respecta aos **Procesos Estratéxicos**, cómpre subliñar que a satisfacción co Título que manifestan os dous colectivos directamente afectados é bastante axeitada, pois nunha escala de 1 a 5 obtéñense unhas puntuacións na satisfacción xeral de 2,96 para o alumnado (algo por debaixo da media e do esperado) e 4,09 para o profesorado (moi por encima da media). Con todo, é preciso continuar incentivando a ambos grupos para mellorar o grao de participación e, no posible, tamén incrementar o nivel de satisfacción entre o alumnado, manténdoa entre o profesorado.

En relación cos **Procesos Chave**, como aspecto positivo, é conveniente subliñar o grao de ocupación e preferencia pola titulación que manifesta o alumnado. Nos dous últimos anos baixaron as taxas de Ocupación e de Preferencia, aumentando a de Adecuación. Nestes dous anos últimos non se cubriron tódalas prazas ofertadas para o Grado en Tráballo Social. Así mesmo, a nota media mantense case invariable ao longo dos anos, pero non convén perder de vista que esta nota de arredor de 6.4 está calculada sobre 14 puntos.

Dentro destes mesmos Proceso Chave, outras taxas do Grao tamén se poden considerar axeitadas: a taxa media de abandono nos dous últimos cursos (2011-12 e 2012-13) está ao redor do 10%; as taxas de Eficiencia e de Éxito superan o 90%; e a taxa de rendemento supera o 80%. É importante vixiar a taxa de Graduación (66,22% na promoción 2010-11-2014-15), xa que o alumando está encontrando dificultade para elaborar o seu TFG. Neste sentido, xa se formularon diferentes accións de mellora para este curso co fin de conseguir incrementar a porcentaxe de estudantes que defenden o seu TFG.

Por outro lado, a pesar dos esforzos realizados dende o Centro, a porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción segue a ser moi baixa (21,57%). Por elo, tanto dende a Facultade como dende a propia Universidade débese continuar incentivando esa participación das/os alumnas/os, o que sería máis doado se constatasen que as súas opinións (especialmente, as baixas) teñen efectos prácticos de cara ós cursos seguintes naqueles aspectos cos que non se mostran de acordo.

En canto aos **Procesos Soporte**, é moi boa a taxa acada no indicador relativo ás porcentaxes de PAS que se implican en programas de formación (86%), superando amplamente as expectativas establecida para o Centro, aínda que desde o decanato nin desde a CGIC non se conta con recursos para incentivala. No caso doutros indicadores, asociados coa cualificación do PDI e da investigación de carácter académico (tan importante para crear unha repercusión directa entre a docencia e a investigación e viceversa), cuxos resultados se atopan centralizados, non se conta polo momento con información suficiente para poder facer unha análise contrastada e rigorosa. Con todo neste título en concreto é evidente que se precisa un número maior de profesorado con dedicación a tempo completo, así coma aumentar a taxa de sexenios de investigación. o Centro apenas dispón de medios para promovelos, estando este tipo de procesos ligados aos Departamentos, Programas de Doutoramento, etc.



**2.3.1. Títulos de Mestrado****• Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

Os resultados globais, do curso 2014-2015, obtidos nos indicadores dos procesos Estratéxicos, Clave e de Soporte son en xeral satisfactorios pois, salvo nun indicador, superan ás metas propostas nos obxectivos de calidade do Centro. A continuación preséntase unha táboa cos indicadores e resultados de cada un dos procesos (Estratéxicos, Clave e de Soporte). Despois analízanse os resultados obtidos destacando os máis relevantes. Non se ten información sobre algúns indicadores (satisfacción de persoas tituladas; tempo medio para encontrar emprego, etc.) e o Centro carece dos recursos necesarios para obtelos.

<b>Procesos Estratéxicos</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
Grao de satisfacción do Estudiantado	I02-MC	4
Grao de satisfacción do Profesorado	I03-MC	4,54
Grao de satisfacción das Persoas tituladas	I04-MC	s/r
<b>Procesos Clave</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
Nota media de acceso do estudiantado ás titulacións	I01-AC (CRUE 04, CRUE 05)	6,94
Ocupación da titulación	I02-AC (III.PRE 8)	60%
Preferencia da titulación	I03-AC (III.PRE 9)	100%
Adecuación da titulación	I03-AC (III.PRE 10)	80%
Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	I04-AC	15 (22 en 2013-14)
Seguimento das titulacións	I01-DO	Non emitidos resultados do curso 2013-14 por someterse ó proceso de avaliación para a renovación da acreditación (2014-15)
Acreditación das titulacións	I02-DO	Renovación en 2014-15: "Favorable"
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado	I03-DO (VAD I1C)	62,50%
Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado	I04-DO (antes: Indicador 76)	3,73
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Estudiantado	I05-DO (antes: Indicador 74)	3,96
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Profesorado	I06-DO (antes: Indicador 78)	4,56
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Persoas tituladas	I07-DO	s/r
Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	I08-DO	Non se recollen no plan de estudos
Alumnado de intercambio	I09-DO (ISUG 12, CRUE 06)	Non hai



Duración media dos estudos	I10-DO (II.RTO.12)	1 curso
Taxa de rendemento	I11-DO (II.RTO.3)	94,74%
Taxa de abandono	I12-DO (II.RTO.6)	0%
Taxa de eficiencia	I13-DO (II.RTO.13)	100%
Taxa de graduación	I14-DO (II.RTO.10)	77,27%
Taxa de éxito	I15-DO (II.RTO.4)	100,00%
Tempo medio para encontrar emprego	I16-DO (ISUG 02)	s/r
<b>Procesos Soporte</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
% de PAS en programas de formación	I01-PE (ISUG 16)	86%
Cualificación do PDI	I02-PE (ISUG 03, IV.PDI.2)	Os 12 docentes da Universidade de Vigo que participan no mestrado son doutores-as e teñen 32 quinquenios. O Máster conta con 13 profesionais externos: 9 CU, 3 TU, 1 TEU.
Resultados de investigación de carácter académico	I03-PE (ISUG 08, IV.PDI.9)	Os 12 docentes da Universidade de Vigo que participan no mestrado teñen 32 sexenios. O Máster conta con 13 profesionais externos que contan con 30 sexenios.

Este mestrado encóntrase entre as 10 titulacións con maior satisfacción do estudiantado (posto nº 3, grao de satisfacción 4 sobre 5) e do profesorado (posto nº 8, grao de satisfacción 4,54 sobre 5). Asimesmo cabe salientar que obtivo a renovación da acreditación do título no curso 2014-15, acadando unha valoración nos respectivos criterios maioritariamente de “Se alcanza” (B), e de forma destacada no “Criterio 2. Información y transparencia” plásmase “Se supera excelentemente” (A). Sendo esta última unha valoración que se outorga de forma excepcional, xa que conleva un nivel de esixencia moi elevado.

En relación cos **Procedementos Clave** cabe destacar, que o grao de preferencia (100%) e adecuación a titulación (80%) encóntranse por encima da meta global establecida polo Centro para os títulos. Sen embargo, o nivel de ocupación (60%) está por debaixo. O motivo fundamental do descenso neste curso pode ser a convocatoria de oposicións para o ensino público non universitario. Desde a implantación do mestrado (curso 2009-2010) o porcentaxe de ocupación sempre estivo por encima do 75%.

A nota media de acceso (6,94) tamén é superior á establecida polo centro (5/10) e mantense nestes valores no tempo en que leva implantado o Título (entre o 5,125, do 2010-11 e o 7,4 do 2013-14).

A matrícula de novo ingreso foi incrementando paulatinamente (15 estudantes no curso 2009-2010 ata 24 no curso 2012-2013), no curso 2013-2014 (22 estudantes) descendeu lixeiramente. No curso 2014-2015 (15 estudantes) non se alcanzou a meta establecida para os mestrados que está fixada en 20. Supoñemos que este descenso puido deberse a crise económica e a convocatoria de oposición de mestras e mestres no curso académico 2014-2015.

As taxas teñen valores por encima das metas propostas, tanto a referida ao éxito (100%), como a de eficiencia (100%), rendemento (94,74%) ou a de graduación (95,83%). O tempo medio de duración dos estudos é moi satisfactoria para este tipo de estudos (1 curso académico).

Contase cunha participación nas enquisas de avaliación do profesorado por parte do alumnado de 62,50% e dos docentes do 69,23%. En distintos foros comentouse que este tipo de avaliación non é axeitada, por non axustarse a temporalización, nos metrados. E respecto do grao de satisfacción coa actividade docente está en 3,73, superando a meta prevista (3/5)

Respecto dos **Procesos Soporte** a participación do PAS en programas de formación é do boa (86%). Respecto a cualificación do PDI todos os docentes do Mestrado son doutores-es. Os docentes (12) da Universidade de Vigo contan con 32 quinquenios e 12 sexenios. Ademais o Máster conta con 13 profesionais externos, nove Catedráticos de Universidade, tres Profesores/as Titulares de Universidade e un Profesor Titular de Escola Universitaria, que se responsabilizan do 36% das horas presenciais deste Título. A súa cualificación docente e investigadora está avalada polos 56 quinquenios e 30 sexenios que teñen recoñecidos. No obstante debido a que os resultados non se encontran centralizados, non contamos con datos suficientes sobre a cualificación do PDI, nin os referidos a investigación de carácter académico que nos permitirían valorar de forma máis detallada estes indicadores.

### • **Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos**

Globalmente os resultados acadados nos distintos indicadores para os diferentes procesos (Estratéxicos, Chave e de Soporte) son bastante satisfactorios. Xa desde o Seguimento de título presentado no curso 2010-2011 e de forma consecutiva se ten logrando nos mesmos a “Conformidade”. Polo que eses resultados repercutirían positivamente á hora de asumir o proceso de avaliación, que en definitiva permitiu a renovación da Acreditación do Título no curso 2014-15 (<http://goo.gl/3vMoge>). Agárdase que os parámetros pouco satisfactorias do curso 2014-15 sexan unha excepción no histórico deste título. O acontecemento máis importante deste curso 2014-15 foi o ter alcanzado a renovación da Acreditación do Título, o que permite afrontar cunha maior calidade o seguinte período, estando xa neste momento na súa 8ª edición.

Na seguinte táboa apórtanse os diferentes resultados atendendo aos respectivos indicadores dos procesos e programas de calidade.

<b>Procesos Estratéxicos</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
Grao de satisfacción do Estudantado	I02-MC	2,61
Grao de satisfacción do Profesorado	I03-MC	4,30
Grao de satisfacción das Persoas tituladas	I04-MC	s/r
<b>Procesos Chave</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
Nota media de acceso do estudantado ás titulacións	I01-AC (CRUE 04, CRUE 05)	7,2

Ocupación da titulación	I02-AC (III.PRE 8)	93,33
Preferencia da titulación	I03-AC (III.PRE 9)	136,67
Adecuación da titulación	I03-AC (III.PRE 10)	78,57
Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico	I04-AC	28 (33 en 2013-14)
Seguimento das titulacións	I01-DO	A pesares de telo presentado, non se aportou pola ACSUG nin pola Área de Apoio a Docencia e Calidade.o resultado do Seguimento do título para o curso 2013-14.
Acreditación das titulacións	I02-DO	Resultado 2014-15: Renovación da Acreditación
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado	I03-DO (VAD IIC)	25,64%
Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado	I04-DO (antes: Indicador 76)	3,73%
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino:Estudantado	I05-DO (antes: Indicador 74)	2,34
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Profesorado	I06-DO (antes: Indicador 78)	4,31
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Persoas tituladas	I07-DO	s/r
Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	I08-DO	s/r
Alumnado de intercambio	I09-DO (ISUG 12, CRUE 06)	s/r
Duración media dos estudos	I10-DO (II.RTO.12)	1 homes 1,47 mulleres
Taxa de rendemento	I11-DO (II.RTO.3)	87,00%
Taxa de abandono	I12-DO (II.RTO.6)	0%
Taxa de eficiencia	I13-DO (II.RTO.13)	92,80%
Taxa de graduación	I14-DO (II.RTO.10)	50%
Taxa de éxito	I15-DO (II.RTO.4)	99,44%
Tempo medio para encontrar emprego	I16-DO (ISUG 02)	s/r
<b>Procesos Soporte</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
% de PAS en programas de formación	I01-PE (ISUG 16)	86%
Cualificación do PDI*	I02-PE (ISUG 03, IV.PDI.2)	24 doutores-as de 33 (os datos inclúen a totalidade dos docentes doutores do título, sexan ou non persoal da Universidade de Vigo)
Resultados de investigación de carácter académico	I03-PE (ISUG 08, IV.PDI.9)	23 (os datos inclúen a totalidade de sexenios que posúe o profesorado do título, sexa ou non docente da Universidade de Vigo)

Cabe sinalar para continuar coa reflexión e análise que nalgúns indicadores non se conta con resultados ou os facilitados de forma centralizada non son suficientes e o Centro non é responsable dos mesmos, nin conta con recursos humanos para obtelos. Con todo, de seguido sométense, no posible, a análise os resultados obtidos afondando naqueles que reclaman mais atención.

En todos aqueles indicadores, asociados cos **Procesos Estratéxicos**, que se relacionan co grao de satisfacción dos estudantes co título (ben sexan dos procesos estratéxicos como nos chave) prodúcese unha puntuación escasa, tanto que sexa na valoración de conxunto como a referida aos indicadores máis concretos. Posto que esta valoración é mais baixa que en anos anteriores, e non houbo ningunha variación no título que xustifique esa diminución, agárdase que sexa o reflexo de circunstancias excepcionais. Resulta difícil detectar as causas dese cambio. Como posibles considéranse as seguintes: no grupo de estudantes existía un número importante que non se dedicaban exclusivamente a estes estudos (situación de parado, preparación de oposicións, simultanear con outras actividades formativas ou laborais...) o que puido producir unha insatisfacción de tipo xeneralizado que se reflectiu nos estudos do Mestrado. Incluso mostraron un certo desinterese por actividades que se deseñaron especificamente para a súa formación, fora do plan académico ordinario: saídas, conferencias, actividades de orientación laboral e académica. Aínda así, seguirase con moita atención a percepción do alumnado dos cursos sucesivos e tentarase realizar cambios que vaian na liña de mellora do título, intencións que se materializaron no novo plan de mellora. Nesta liña de mellora, seguirase implantando o proceso propio de avaliación, materia a materia, que identifica a fortalezas e debilidades tal e como son percibidas polo alumnado.

Pola contra, é moi positiva a satisfacción que manifesta o profesorado co título, tanto en cuestións xerais como nas específicas. Esta situación non impedirá que se continúe atendendo ás necesidades que expoña o equipo docente.

Respecto aos **Procesos Chave**, nestes indicadores o resultado é moi satisfactorio, tanto o nº como a nota media do alumnado de novo ingreso, a ocupación, preferencia e adecuación do título; mentres que resulta algo menos satisfactoria a duración media dos estudos, que non cumpre con exactitude o previsto (1 curso académico). Neste sentido, existe un lixeiro descenso nos homes e incremento nas mulleres con respecto ao pasado curso. As condicións persoais e laborais do noso alumnado son cada vez máis difíciles, sendo máis numeroso o estudantado que está obrigado a simultanear estes estudos con outras actividades, ben laborais ben formativas.

No caso das taxas de eficacia, rendemento, etc. Todas as cifras son moi positivas, agás a de graduación, que se sitúa no 50%, unha cifra moi inferior á dos pasados cursos, a pesar de que non existe ningún abandono: non deixan os estudos pero non todos teñen tempo para dedicarse a eles. As causas poden estar nas circunstancias do alumnado, xa comentadas, posto que unha parte importante non se pode dedicar con exclusividade a estes estudos.

En canto aos **Procesos Soporte** é moi boa a taxa acada no indicador relativo ao PAS, que se implica en programas de formación (86%), superando amplamente as expectativas establecida para o Centro. No caso doutros indicadores, asociados coa cualificación do PDI e da investigación asociada co nº de sexenios, carécese de

resultados ricos que poidan indicar con maior rigor o nivel de mellora dos docentes neste campo, posto que si se produce ese incremento académico e investigador.

**• Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria,  
Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas**

Os resultados acadados nos distintos indicadores, atendendo a cada un dos procesos (Estratéxicos, Clave e de Soporte), en xeral e en termos globais son satisfactorios. Posiblemente como consecuencia de elo logrouse o resultado de “Conforme” no Seguimento de título do curso 2013-2014 e a Renovación da Acreditación no 2014-2015 (. Con todo, debe continuarse mellorando diferentes aspectos, como xa se puxo de manifesto nos plan de accións de mellora do título e nas reflexións vertidas en subepígrafe anterior.

Na seguinte táboa expóñense de modo detallado os resultados de diferentes indicadores asociados cos procesos e programas de calidade.

<b>Procesos Estratéxicos</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-15</b>
Grao de satisfacción do Estudiantado	I02-MC	Ourense 2,74; H: 3,23; M:2,49
Grao de satisfacción do Profesorado	I03-MC	Ourense: 3,97; H: 3,71; M:4,24
Grao de satisfacción das Persoas tituladas	I04-MC	s/r
<b>Procesos Chave</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-2015</b>
Nota media de acceso do estudiantado ás titulacións	I01-AC (CRUE 04, CRUE 05)	6,48
Ocupación da titulación	I02-AC (III.PRE 8)	318,75
Preferencia da titulación	I03-AC (III.PRE 9)	515,5
Adecuación da titulación	I03-AC (III.PRE 10)	92,16
Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	I04-AC	304
Seguimento das titulacións	I01-DO	Non foi emitido en 2013-14. No 2012-13 foi “Conforme”
Acreditación das titulacións	I02-DO	“Favorable”
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado	I03-DO (VAD IIC)	Ourense 28,57/ Vigo 35,80/ Pontevedra 32,65
Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado	I04-DO (antes: Indicador 76)	3,73
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino:Estudiantado	I05-DO (antes: Indicador 74)	Ourense: 2,56; H: 2,96; M:2,3
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Profesorado	I06-DO (antes: Indicador 78)	Ourense: 4
Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: Persoas tituladas	I07-DO	s/r
Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	I08-DO	s/r
Alumnado de intercambio	I09-DO (ISUG 12, CRUE 06)	s/r
Duración media dos estudos	I10-DO (II.RTO.12)	Homes 1; Mulleres 1,13

Taxa de rendemento	I11-DO (II.RTO.3)	98,75%.
Taxa de abandono	I12-DO (II.RTO.6)	0%
Taxa de eficiencia	I13-DO (II.RTO.13)	99,28%
Taxa de graduación	I14-DO (II.RTO.10)	94,44%
Taxa de éxito	I15-DO (II.RTO.4)	100%
Tempo medio para encontrar emprego	I16-DO (ISUG 02)	s/r
<b>Procesos Soporte</b>		
<b>Indicador</b>	<b>Código</b>	<b>Resultados 2014-2015</b>
% de PAS en programas de formación	I01-PE (ISUG 16)	Ourense 86%
Cualificación do PDI	I02-PE (ISUG 03, IV.PDI.2)	Todo o profesorado pertencente a Universidade é doutor-a, e dos 19 son de plantel 11, sendo TU 10 e 1 CU. Non se aportan resultados sobre a cualificación do profesorado externo.
Resultados de investigación de carácter académico	I03-PE (ISUG 08, IV.PDI.9)	Nº sexenios no 2014-15=12

Antes de continuar coa análise, cabe incidir en que boa parte dos resultados reflectidos na táboa anterior foron tratados e facilitados de forma centralizada, e de modo global para os 3 campus e para o conxunto dos itinerarios do Mestrado de Profesorado de Secundaria. Con todo, aportase a análise sobre os mesmos, en particular resaltando aqueles resultados máis chamativos.

Comezando polos **Procesos Estratéxicos** hai que indicar que a satisfacción co Título, que amosa o alumnado, é necesario melloralala, mentres a manifestada polo profesorado resulta axeitada. Por elo, se planteou algunha acción de mellora que permita avanzar ao respecto.

Por outro lado, nos **procedementos Chave** cabe sinalar, como aspectos destacados o nivel de ocupación, evolución do estudantado e preferencia polo Título. Asimesmo, hai que traer a colación que no curso 2013-14 a titulación obtivo o resultado de “Favorable” no Seguimento de título e no 2014-15 conseguiu a Renovación da Acreditación. A evolución do estudantado matriculado en xeral permanece estable respecto a cursos anteriores. En xeral, desde o 2009-10, o alumnado acaba os seus estudos no período establecido, se xeito que a taxa de abandono e a porcentaxe de eficacia é moi boa (99,28%), así coma a de graduación (99,44%) e éxito.

A pesares da insistencia realizada desde a Coordinación do Mestrado nos respectivos Campus, a do Centro e a amosada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado é baixa. Por elo, é necesario continuar incentivándoa e sobre todo poñer, en maior medida, de manifesto a posible utilidade ou beneficios da mesma para o colectivo do estudantado e en xeral para a optimización do Título.

Sobre os **Procesos Soporte** é de resaltar a taxa acadada no indicador relativo ao PAS que se implica en programas de formación (86%). No caso doutros indicadores, asociados



coa cualificación do PDI en relación coa categoría, estabilidade do profesorado da institución e sexenios os resultados melloraron bastante nos dous últimos cursos, con todo hai que ter en conta que existe profesorado externo que non se axusta a estes parámetros pero é positiva a súa inclusión dado o carácter profesionalizante do Título. Sobre estas cuestións, hai que incidir en que o Centro apenas dispón de medios para mellora, estando este tipo de aspectos ligadas aos departamentos, programas de doutoramento, etc.

#### **2.4. Resultados de avaliacións/auditorías internas e externas e estado das accións correctivas/de mellora**

Atendendo os respectivos títulos de Grao e Mestrado do Centro a situación é globalmente satisfactoria. No caso dos títulos de Grao, os diferentes “Informes de Revisión” internos ou/e externos sobre o Seguimento de Título (desde o curso académico 2010-2011) produciron consecutivamente resultados positivos (“Conforme”) (<http://goo.gl/PgaXmT>; <http://goo.gl/gIplBK>; <http://goo.gl/yf78pU>), agás no curso 2010-2011 no de E. Primaria (<http://goo.gl/lx7mtw>). En calquera caso, tivéronse en conta as suxestións feitas polos-as avaliadores-as de cara a asumir as esixencias planteadas para ir mellorando ano tras anos (<http://goo.gl/WGBdcE>). Cabe indicar que está previsto sometelos ao proceso de avaliación para a renovación da Acreditación no curso 2016-2017.

No caso dos títulos de Mestrado, na Facultade de CC da Educación durante o curso académico 2014-15 levouse a cabo a avaliación dos seus 3 títulos para procurar a renovación da Acreditación dos: Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos; Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos; e Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. En todos eles se produciu a renovación da Acreditación “Favorable”, co compromiso de aplicar diferentes accións correctivas/de mellora. As accións propostas e a síntese do estado e análise destas pode consultarse nos hipervínculos aportados de seguido:

- Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos:
  - [Plano de mellora/cumprimento](#) (seguimento 2014-15)
  
- Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos:
  - [Plano de mellora/cumprimento](#) (seguimento 2014-15)
  - [Histórico](#) (2010-2014), nivel de cumprimento
  
- [Mestrado en Profesorado](#) de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.
  - [Plano de mellora/cumprimento](#) (seguimento 2014-15)



## **2.5. Retroalimentación dos grupos de interese: Queixas, suxestións e parabéns**

Cabe indicar que a través da plataforma dixital habilitada pola Universidade de Vigo para a emisión das Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) non se recibiu ningunha no curso académico 2014-2015. En consecuencia a partir do aplicativo non se conta con datos/resultados sobre as mesmas. Con todo, dispónse daquelas que se recibiron en formato papel, ben por instancias a través de Rexistro, ou ben, por escritos depositados na caixa “física” dedicada a tal finalidade. Neste sentido preséntase, ao final deste apartado unha táboa resumo coas suxestións, incidencias e queixas recibidas reflexando a:

- Tipoloxía
- Titulación coa que están asociadas
- Data de presentación
- Sector
- Extracto do contido
- Resposta/Resolución emitida.

É de resaltar que no caso das queixas (9) a maior parte procede do sector alumnado e están relacionadas coa docencia e o uso ou estado dos recursos materiais/infraestruturas. Principalmente a partir da derivación aos correspondentes servizos e dende o asumible directamente polo decanato tratouse de dar a resposta máis satisfactoria posible. En xeral, a CGIC considera que se atenderon axeitadamente tódalas incidencias e queixas recibidas. En ningún caso se pon de manifesto que fosen obxecto de indolencia ou desatención, senón todo o contrario.

Outra información relevante en relación cos grupos de interese está ligada fundamentalmente coa comunicación de premios do estudantado. Nesta liña cabe resaltar os Premios Fin de Carreira, para os distintos títulos de Grao, e os outorgados a algún TFG.

**Táboa resumo: Suxestións, incidencias e queixas (curso 2014-15)**

TIPO	TITULACIÓN	DATA	SECTOR	EXTRACTO DO CONTIDO	RESPOSTA EMITIDA
Suxestión	Trab. Social	22/1/15	Profesorado	Suxírese a colocación dun Punto de Información para o alumnado desta titulación.	Autorízase desde o decanato e inaugúrase o 3/2/2015.
Incidencia	Educ. Social	13/1/15	Profesorado	Problema WEB, asociado a visibilización do horario de Titorías.	Avisase ao servizo de mantemento da WEB. Solucionado 15/1/2015.
Incidencia	Educ. Infantil	26/2/15	Alumnado	Por enfermidade unha alumna non puido examinarse.	Trasladado ao Profesor correspondente que facilita a realización do mesmo en días posteriores.
Queixa	Educ. Social	22/9/14	Alumnado	Comunica un mal funcionamento da plataforma FAITIC .	Enviase á coordinación de Título (22/9/14) que a traslada, a súa vez, aos responsables técnicos de Faitic. Solúciónase en días posteriores.
Queixa	Profesorado	3/10/14	Profesorado	Infórmase do mal funcionamento e solicítase a modificación dunha liña de teléfono no despacho do profesorado xubilado.	Solucionouse nos días seguintes telefonicamente.
Queixa	Educ. Infantil	16/10/14	Alumnado	Sobre unha profesora que non acude a clase.	A profesora envía nos días seguintes escrito aclaratorio xustificando o motivo.
Queixa	E. Infantil e Primaria	9/2/15	Alumnado	Queixas sobre un profesor relacionadas coa docencia e probas de avaliación.	Desde o decanato enviase o escrito ao Dpto. correspondente.
Queixa	Educ. Infantil	12/2/15	Alumnado	Nova queixa, na mesma liñas, sobre o profesor anterior.	Novamente se enviou copia do escrito ao Dpto. correspondente.
Queixa	Ed. Social	10/3	Alumnado	Queixas asociadas a revisión da nota dunha materia, que segundo a alumna, non se valoraron os traballos realizados.	Fálase desde o decanato coa profesora para pedir aclaración e recordáselle a obriga de axustar a avaliación o que custe na Guía Docente.
Queixa	Non identifica	Abril/14	Alumnado	Maniféstanse problemas de ruído e solicítase sala de estudo silenciosa.	Tómase en consideración desde o decanato a petición e colócanse en días posteriores carteis de aviso/advertencia nos lugares habilitados para estudo.
Queixa	Trab. Social	3/Dec/14 (erro)	Alumnado	Queixas sobre o incumprimento do horario de apertura da Aula de Informática	Enviase un correo electrónico aos bolseiros (23 abril 2014), comunicándolle e, ao mesmo tempo, lembrándolle ás súas obrigas. Resolto.
Queixa	Trab. Social	22/4/15	Alumnado	Queixas en relación ao Prácticum Trab. Social	Convócase cita, pola decana, segundo o solicitado, para falar do tema do Prácticum de Trab. Social. Concrétanse medidas.

Nota: Para protexer á persoas usuarias gárdase o seu anonimato reservando os seus datos de identificación persoal.

### III. ACCIÓNS DE MELLORA DO SGIC / XESTIÓN DE CALIDADE

Ante a cantidade de tarefas que xorden asociadas coa xestión administrativo-burocrática, considerando o elevado número de titulacións do Centro, e atendendo ás súas múltiples derivacións, para corresponder co axeitado desenvolvemento esixido polo SGIC, realízase na táboa seguinte a identificación de diferentes recursos esenciais e apórtase unha pequena visión sobre os problemas cunha discusión/análise e propostas de mellora/peticións. Prégase que de forma urxente se atenda ás mesmas e que verdadeiramente, desde a Área de Apoio á Docencia e Calidade, se requira aos servizos competentes da institución a posta a punto dos recursos que permitan a optimización do SGIC (máis aló de a custe 0 e a cargo do esforzo ilícito do persoal docente).

TIPOLOXÍA / RECURSO	PROBLEMAS/DISCUSIÓN/ANÁLISE	PROPOSTAS / PETICIÓN PARA MELLORAR O SGIC
Información/ datos/ resultados centralizados para a elaboración dos Seguímentos dos títulos	Para os recursos humanos dispoñibles no Centro supón un traballo e tempo excesivo o dedicado á busca de información/resultados en sitios web sumamente dispersos; ademais, dependendo do sitio web se poden atopar resultados distintos. A indicación de pautas ao respecto é moi deficiente, pouco precisa e moitas veces facilitadas de forma intermitente a través de email ou verbalmente. En xeral na web da Uvigo e nas dos seus respectivos servizos figura unha maraña de información/resultados moi dispersos e pouco organizados, que dificulta de forma excesiva a súa localización e esixe un traballo moi laborioso. A cantidade de horas dedicadas a elaborar este informe foi inmensa. Que os-as docentes teñan que dedicar montóns de horas a busca de información, en detrimento do desenvolvemento de outras tarefas, cando menos é lamentable. O referido, entre outros aspectos, provocou unha situación de traballo complexísima e que tivésemos que combinar o traballo coma docentes coa abordaxe da realización dos Seguímentos e deste Informe nas peores condicións humanas.	Sería de grande utilidade contar cun único espazo web/plataforma na que de forma centralizada, ben organizada e rigorosamente tratados se albergasen, para cada curso académico, os resultados/información asociada aos seguimentos de títulos e a este Informe anual. Ademais sería preciso dedicar un apartado a directrices básicas e titoriais con explicacións axeitadas e precisas.
Apoio de PAS	No caso do PAS puntual, non é razoable ofrecer o mesmo tipo de axuda aqueles centros que contan cun menor número de títulos que os que teñen máis. Neste sentido o apoio ofrecido a Facultade de CC. da Educación para a realización do Seguimento de títulos do curso 2014-2015 foi moi deficitario, e a pesares de manifestalo desde o Centro a Área de Docencia e Calidade, así coma a Vicerreitoría de Profesorado non se ampliou o referido apoio do PAS, nin con bolseiros-as. Os argumentos das repercusións económicas para a Institución non resultan congruentes, pois para sacar todo o traballo adiante as persoas implicadas tiveron que dedicar montóns de horas de forma gratuíta, superando extremadamente a súas obrigas laborais/profesionais durante mes e medio. Isto redundou nun requirimento abusivo daquelas persoas máis responsables e voluntariosas. No referido ás-aos bolseiros-as do Centro non é lóxico que unha vez que a Institución detectou irregularidades, alleas a dirección da Facultade, se prexudicase do xeito que se fixo a dinámica de traballo no relativo o SGIC. Unha vez máis quen sofre as consecuencias é o Centro e o persoal responsable das tarefas asociadas coa Calidade. A alternativa ofrecida, do envío dun PAS durante un mes (ao que se aludiu), foi absolutamente insuficiente e ineficiente. De modo que a sobrecarga de traballo tivo que asumila fundamentalmente o equipo directivo do centro e as-os docentes de apoio á calidade.	A petición deste Centro é a de incorporación de 1 PAS de forma continuada.

<p>Soportes/ Ferramentas dixitais de apoio á xestión e á docencia</p>	<p>A cantidade de rexistros/evidencias e controis asociados o SGIC dos que o Centro e as-os docentes se teñen que responsabilizar esixe a dotación dos medios dixitais pertinentes.</p>	<p>Dotar aos centros de infraestruturas dixitais máis potentes que posibiliten a autoxestión do control (na impartición da docencia presencial, realización de exames, etc.) e rexistro de arquivos/evidencias a través de ferramentas colaborativas para facilitar a almacenaxe e intercambio.</p> <p>Facilitarlle ás-aos docentes tamén ferramentas dixitais máis idóneas que permitan o rexistro ou almacenaxe de evidencias académicas dixitalmente (depósito de probas de avaliación, revisións de exame, control de posibles plaxios de traballos, etc.), as de coordinación, colaboración, comunicación, etc., unha vez que nos procesos de avaliación/acreditación dos títulos son obxecto de análise.</p>
<p>Falta de concreción de directrices desde a Área de Apoio á Docencia e Calidade en relación ao Informe Anual de Resultados</p>	<p>En ningún momento, desde a Área de Apoio á Docencia e Calidade, se indicaron formalmente o Centro o que debe asumir en relación cos Informes Anuais de Resultados no caso do Mestrado de Profesorado de Secundaria que, impartíndose en 3 Campus, consta como centro responsable a Facultade de Bioloxía de Vigo. Os comentarios mantidos ao respecto non levan a concrecións suficientemente clarificadoras, cando iso non pode ser unha dinámica apropiada para a axeitada implantación do SGIC do Centro. Para a optimización do SGIC do Centro esta ambigüidade non é positiva/favorable, nin posibilita o desenvolvemento do traballo do persoal responsable de calidade.</p> <p>Un compoñente importante a considerar é que o Informe de Revisión pola Dirección está relacionado cos datos presentados no Seguimento, do que este Centro non foi responsable, e no que a capacidade de decisión ao respecto non ten sido nin autónoma nin parcial.</p> <p>Cabe salientar que, a partir dun enorme esforzo e a pesar de non recibir indicacións específicas, así coma de descoñecer a actuación dos outros 2 centros implicados ao respecto, este Centro leva incluíndo o relativo ao Mestrado de Profesorado de Secundaria, por 2º ano consecutivo, no seu Informe Anual de Resultados. Con todo, a situación está envolta de incertidume, non sendo apropiada para implantación do SGIC.</p>	<p>Sobre o referido o Mestrado de Profesorado, en relación co SGIC, precísase que se definan ou concreten as responsabilidades específicas do Centro así coma, se procede, o tipo e alcance da coordinación que se debería establecer coa Facultade de Bioloxía e coa de CC. da Educación e do Deporte de Pontevedra. Do mesmo xeito tamén é precisa unha comunicación formal sobre a posible responsabilidade ou ausencia desta no referido ao Seguimento deste Título, co gallo de que quede totalmente claro.</p>

<p>Falta de claridade sobre a repercusión do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección no SGIC e/ou directamente nos Seguímentos de título</p>	<p>Bótase en falta que nónse teña concretado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade a repercusión que poida ter a elaboración, grao de desenvolvemento ou ausencia da presentación do documento do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección no SGIC e/ou directamente nos Seguímentos de título.</p>	<p>Concretar que repercusión ten a elaboración, grao de desenvolvemento ou ausencia da presentación do documento do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección no SGIC e/ou directamente nos Seguímentos de título.</p>
<p>Acurtar os compoñentes incluídos na estrutura do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección</p>	<p>Preséntanse diferentes subapartados para o desenvolvemento de contidos similares ou idénticos que levan a unha reiteración excesiva e provocan un traballo desorbitado, sen contribución necesariamente a un nivel superior de profundización. Aínda que no desenvolto desde este Centro xa se aplicou algún tipo de simplificación requiriría unha reflexión, por parte da Área de Apoio á Docencia e Calidade, este aspecto.</p>	<p>Recoméndase á Área de Apoio á Docencia e Calidade que simplifique, clarifique un pouco máis e acurte a estrutura facilitada/esixida no modelo de <i>Informe de Revisión do Sistema pola Dirección</i>.</p>

#### IV. CONCLUSIÓNS

A Facultade de CC. da Educación, como xa se veu insistindo, ten un número importante de títulos, por elo aínda existindo bastante boa disposición e grao de cumprimento do profesorado non resulta suficiente para atender a inmensa cantidade de tarefas de xestión administrativa que desencadea este modelo de calidade; pois pon o énfase na burocratización da Actividade principal do Centro, sendo esta o proceso de ensino-aprendizaxe. O enfoque de calidade implantado esixe unha enorme carga burocrática para a cal os-as docentes non foron formados, pois o seu cometido é precisamente a de ser docentes e investigadores-as. O profesorado queixase e lamenta que o tempo extra que ten que dedicar á xestión administrativa lle quite posibilidades no empeño da súa actividade prioritaria, que como non podía ser de outro xeito é: a docencia e a investigación. Para elas formáronse con empeño durante anos co obxecto de ser bos profesionais e investigadores-as, mentres a xestión administrativa lle correspondía o PAS.

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía de calidade/ xestión de calidade xa se foron reflectindo os principais problemas atopados. Con todo, cabe incidir en que a carga de xestión-burocrática asociada ao SGIC é desproporcionada principalmente para os responsables do equipo decanal desta Facultade, con 4 Graos e 3 Mestrados, e para os docentes que asumen máis directamente tarefas asociadas a xestión do sistema, mentres que os recursos de apoio administrativo a disposición do Centro son extremadamente limitados ou inexistentes. A pesares do

referido, a Facultade de CC. da Educación ten entre os seus retos principais a certificación do SGIC, así coma a renovación da Acreditación dos títulos de Grao, de forma inmediata (unha vez que xa se renovou a dos 3 Mestrados), sen embargo atópase cun baleiro imprescindible no ámbito administrativo. Este aspecto provoca a consumición da maior parte do tempo e forzas ao profesorado do equipo directivo e a boa parte da plantilla, ante a enorme carga burocrática de traballo, máis aló das derivadas das súas funcións como docentes. Hai que traer a colación, unha vez máis, que a prioridade dos-as docentes é a de formar ao alumnado, con todo o que isto conleva, así coma a de investigar. Lamentablemente ambas funcións, para as que foi cualificado o profesorado, cada vez se resenten máis debido ás elevadas esixencias derivadas dun modelo de cariz burocrático “imposto”, sen o mínimo apoio administrativo de, alomenos, un profesional estable.

En definitiva a mellora e eficacia do SGIC non pode colocar o énfase nunha xestión-burocrática senón en apoiar e valorar tamén a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe e da investigación, a través de boas prácticas desde a disposición dos recursos humanos e materiais. Deste xeito, é necesario reflexionar sobre o transfondo dos estándares impostos, co obxecto de acadar unha verdadeira mellora do que realmente importa: Formar a Titulados e Tituladas Competentes para desempeñar as respectivas profesións.

Ourense, a 3 de decembro de 2015

